-----------------	----	---	----

A Mesa de Contratación en base ó informe do Director do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, D. César Aja Chao, de data 2 de marzo de 2026, acorda prestar conformidade as puntuacións acadadas polas empresas admitidas ó procedemento convocado para a contratación da obra "*Mellora da mobilidade peonil entre os PP.QQ. 0+000 e 2+500 da E.P. 0002 Marco-Tomeza-Figueirido (Concello de Pontevedra)*".

11. Apertura electrónica dos sobres "B" correspondentes á documentación avilable mediante criterios de valoración automática, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "*Mellora da mobilidade peonil entre os PP.QQ. 0+000 e 2+500 da E.P. 0002 Marco-Tomeza-Figueirido (Concello de Pontevedra)*" (Expte. 2025026484).

O Secretario informa ós asistentes da puntuación acadada polas empresas presentadas e admitidas ó procedemento aberto simplificado convocado para contratación da obra "*Mellora da mobilidade peonil entre os PP.QQ. 0+000 e 2+500 da E.P. 0002 Marco-Tomeza-Figueirido (Concello de Pontevedra)*".

LICITADORES	PUNTUACIÓN SOBRE "A"
CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)	25
CONSTRUCCIONES E.C.CASAS S.L.	22
NAROM SL	19
ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L.	18
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS, S.L.U	18
EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PÉREZ PORTELA, S.L.	18
MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	18
CONSTRUCCIONES FECHI S.L.U.	16
CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO SLU	14
HORDESCON, S.L.	14

O Secretario comenta que a presentación de ofertas realizouse a través da Plataforma de Contratación do Sector Público que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.



O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e procede á descriptación e descarga da documentación presentada nos sobres "B" correspondentes os criterios de valoración automática presentados polas empresas que participan no procedemento aberto simplificado convocado para contratación da devandita obra e que acadaron unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable (12,5 puntos) en función dos criterios non avaliados mediante fórmulas.

O valores ofertados foron os seguintes:

LICITADORES	SOBRE B				
	OFERTA ECONÓMICA	CONTROL CALIDADE	PRAZO DE GARANTÍA	UNE-EN ISO 9001	UNE-EN ISO 14001
CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.	1.294.665,78 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L.	1.304.784,81 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONES FECHI S.L.U.	1.290.817,70 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U	1.322.172,44 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	1.259.035,39 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.	1.306.495,07 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
HORDESCON, S.L.	1.308.205,33 €	3,00%	12 MESES	SI	SI
MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	1.319.607,05 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
NAROM, S.L.	1.311.483,32 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L.	1.308.205,33 €	3,00%	36 MESES	SI	SI

A continuación procedese á valoración das ofertas económicas detectando que a oferta presentada pola empresa, CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A. de conformidade co



establecido no prego de cláusulas económico-administrativas que rexe este procedemento, contén valores anormais ou desproporcionados no referente ó prezo ofertado.

A Mesa de Contratación acorda facultar ó Secretario para que proceda a requirir á citada empresa para que no prazo improrrogable de cinco días hábiles, xustifique a oferta e precisen as condicións da mesma, en particular no que se refire ó aforro económico, solucións técnicas adoptadas e condicións excepcionalmente favorables de que dispoñan para executar este contrato.

12. Aprobación das valoracións técnicas dos sobres "A" correspondentes á documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da mobilidade peonil na E.P. 9208 Noalla-Aios, do P.Q. 0+000 ao P.Q. 0+960 (Concello de Sanxenxo)" (Expte. 2025048313).

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por acordo adoptado pola Xunta de Goberno na sesión ordinaria do 17 de outubro de 2025, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto simplificado do contrato de obras "Mellora da mobilidade peonil na E.P. 9208 Noalla-Aios, do P.Q. 0+000 ao P.Q. 0+960 (Concello de Sanxenxo)".

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 21 de outubro de 2025. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

As empresas admitidas foron as seguintes:

- CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.
- CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L.
- CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.
- CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)
- CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U.
- HORDESCON, S.L.
- MONTAJES J.M. IGLESIAS, S.L.
- MOVIMIENTOS DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES AROSA, S.L.
- NAROM, S.L.
- ORESA CONSTRUCCIÓN Y SERVICIOS GLOBALES, S.L.

A Mesa de Contratación na reunión do día 13 de novembro de 2025 procedeu á apertura dos sobres "A", documentación técnica, aportada polos licitadores ó procedemento convocado para a contratación da referida obra, remitíndose dita documentación ó servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais para á súa valoración.



O Director e a Xefa da Sección de Seguridade Viaria do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, con data 3 de marzo de 2026, emitiron un informe conxunto relativo á valoración da documentación técnica presentada polos licitadores figurando as empresas admitidas co seguinte resultado:

LICITADORES	A MEMORIA E PROGRAMA DE TRABAJO	PLAN DE ACTUACIONES MEDIOAMBIENTALES	PUNTUACIÓN SOBRE "A"
CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)	20	3	23
MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	20	2	22
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS, S.L.U	20	1	21
CONSTRUCCIONES E.C.CASAS S.L.	18	2	20
NAROM SL	16	2	18
CONSTRUCCIONES FECHI S.L.U.	16	2	18
ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L.	14	2	16
MONTAJES J.M. IGLESIAS, S.L.	14	1	15
CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO SLU	12	2	14
HORDESCON, S.L	12	2	14

A Mesa de Contratación en base ó informe conxunto do Director e da Xefa da Sección de Seguridade Viaria do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, de data 3 de marzo de 2026, acorda prestar conformidade as puntuacións acadadas polas empresas admitidas ó procedemento convocado para a contratación da obra *“Mellora da mobilidade peonil na E.P. 9208 Noalla-Aios, do P.Q. 0+000 ao P.Q. 0+960 (Concello de Sanxenxo)”*.

13. Apertura electrónica dos sobres "B" correspondentes á documentación avaliable mediante criterios de valoración automática, do procedemento aberto simplificado



convocado para a contratación da obra "Mellora da mobilidade peonil na E.P. 9208 Noalla-Aios, do P.Q. 0+000 ao P.Q. 0+960 (Concello de Sanxenxo)" (Expte. 2025048313).

O Secretario informa ós asistentes da puntuación acadada polas empresas presentadas e admitidas ó procedemento aberto simplificado convocado para contratación da "Mellora da mobilidade peonil na E.P. 9208 Noalla-Aios, do P.Q. 0+000 ao P.Q. 0+960 (Concello de Sanxenxo)".

EMPRESA	PUNTUACIÓN SOBRE A
CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.	14,00
CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L.	20,00
CONSTRUCCIONES FECHI S.L.U.	18,00
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U	21,00
CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	23,00
HORDESCON, S.L.	14,00
MONTAJES J.M IGLESIAS, S.L.	15,00
MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	22,00
NAROM, S.L.	18,00
ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L.	16,00

A continuación o Secretario comenta que a presentación de ofertas realizouse a través da Plataforma de Contratación do Sector Público que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e procede á descrición e descarga da documentación presentada nos sobres "B" correspondentes os criterios de valoración automática presentados polas empresas que participan no procedemento aberto simplificado convocado para contratación da devandita obra e que acadaron unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable (12,5 puntos) en función dos criterios non avaliados mediante fórmulas.

Os valores ofertados foron os seguintes:

LICITADORES	SOBRE "B"				
	OFERTA ECONÓMICA	CONTROL CALIDADE	PRAZO DE GARANTÍA	UNE-EN ISO 9001	UNE-EN ISO 14001
CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.	896.050,98 €	3,00%	36 MESES	SI	SI



LICITADORES	SOBRE "B"				
	OFERTA ECONÓMICA	CONTROL CALIDADE	PRAZO DE GARANTÍA	UNE-EN ISO 9001	UNE-EN ISO 14001
CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L.	895.363,38 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONES FECHI S.L.U.	893.988,16 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U	913.044,72 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	911.276,58 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
HORDESCON, S.L.	956.658,69 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
MONTAJES J.M IGLESIAS, S.L.	891.335,96 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	888.978,45 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
NAROM, S.L.	925.716,34 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L.	908.624,38 €	3,00%	36 MESES	SI	SI

De conformidade co establecido no prego de cláusulas económico-administrativas particulares (PCAP) para o cálculo das ofertas económicas presentada polas empresas admitidas neste procedemento, a Mesa de Contratación procedeu á efectuar a valoración das ofertas obtendo o seguinte resultado:

LICITADORES	SOBRE"B"				PUNTUACIÓN SOBRE "B"
	VALORACIÓN ECONÓMICA	PRAZO DE GARANTÍA	CONTROL CALIDADE	CERTIFICADOS 9001/14001	
CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.	28,35	5,00	5,00	5,00	43,35
CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L.	28,58	5,00	5,00	5,00	43,58
CONSTRUCCIONES FECHI S.L.U.	29,03	5,00	5,00	5,00	44,03
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U	22,78	5,00	5,00	5,00	37,78



LICITADORES	SOBRE"B"				PUNTUACIÓN SOBRE "B"
	VALORACIÓN ECONÓMICA	PRAZO DE GARANTÍA	CONTROL CALIDADE	CERTIFICADOS 9001/14001	
CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	23,36	5,00	5,00	5,00	38,36
HORDESCON, S.L.	8,43	5,00	5,00	5,00	23,43
MONTAJES J.M IGLESIAS, S.L.	29,90	5,00	5,00	5,00	44,90
MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	30,67	5,00	5,00	5,00	45,67
NAROM, S.L.	18,61	5,00	5,00	5,00	33,61
ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L.	24,23	5,00	5,00	5,00	39,23

A Mesa de Contratación acorda:

1. Aprobar a clasificación das ofertas admitidas no procedemento aberto simplificado convocado para a execución do proxecto "Mellora da mobilidade peonil na E.P. 9208 Noalla-Aios, do P.Q. 0+000 ao P.Q. 0+960 (Concello de Sanxenxo)", que queda da seguinte forma:

POSICIÓN	LICITADORES	PUNTUACIÓN SOBRE "A"	PUNTUACIÓN SOBRE "B"	PUNTUACIÓN TOTAL
1	MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	22,00	45,67	67,67
2	CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L.	20,00	43,58	63,58
3	CONSTRUCCIONES FECHI S.L.U.	18,00	44,03	62,03
4	CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	23,00	38,36	61,36
5	MONTAJES J.M IGLESIAS, S.L.	15,00	44,90	59,90



POSICIÓN	LICITADORES	PUNTUACIÓN SOBRE "A"	PUNTUACIÓN SOBRE "B"	PUNTUACIÓN TOTAL
6	CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U	21,00	37,78	58,78
7	CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.	14,00	43,35	57,35
8	ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L.	16,00	39,23	55,23
9	NAROM, S.L.	18,00	33,61	51,61
10	HORDESCON, S.L.	14,00	23,43	37,43

2. Propor ó órgano de contratación, neste caso a Xunta de Goberno, para que unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación deste procedemento á empresa MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L. (CIF B36533537) de acordo co seguinte detalle:

Importe ofertado 888.978,45 euros
 IVE (21%) 186.685,47 euros
 Importe Total 1.075.663,92 euros

O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM

A Mesa de Contratación comproba que a empresa MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L. (CIF B36533537), figura inscrita no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, e no Rexistro de Contratistas da Xunta de Galicia (nº 4577) acreditando a tenor do reflectido neles e salvo proba en contrario, as condicións de aptitude do empresario canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación, habilitación profesional ou empresarial, clasificación, solvencia e acreditación do cumprimento das obrigas tributarias co Estado e coa Seguridade Social, así como a non concorrencia das prohibicións de contratar.

3. Facultar ó Secretario da Mesa de Contratación para que requira á empresa, MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L., mediante comunicación electrónica para que aporte no prazo de sete días hábiles, a contar dende o día seguinte á notificación do requirimento, a seguinte documentación:



- a) Documentación xustificativa da efectiva disposición dos medios persoais que se comprometeu a adscribir á execución do contrato:
- 1 Delegado do Contratista, Deberá ter unha experiencia mínima de 5 anos en contratos de características similares
 - 1 Xefe de Obra, con titulación de Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos ou equivalente. Deberá ter unha experiencia mínima de 3 anos en contratos de características similares
 - 1 Encargado Xeral, con experiencia para dirixir os equipos e elaborar informes técnicos. Deberá ter unha experiencia mínima de 3 anos en contratos de características similares.
- b) Documento que acredite a constitución da garantía definitiva na Tesourería da Deputación de Pontevedra, por importe de 44.448,92 euros.

14. Aprobación das valoracións técnicas dos sobres "A" do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do "Servizo de redacción do proxecto básico e de execución de reforma dunha edificación para área de recepción de visitantes do Castelo de Soutomaior" (Expte. 2025037376).

A Presidenta decide retirar o asunto da orde do día para un mellor estudo do informe técnico solicitado para poder aprobar as valoracións técnicas dos sobres "A" do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do "Servizo de redacción do proxecto básico e de execución de reforma dunha edificación para área de recepción de visitantes do Castelo de Soutomaior".

15. Apertura electrónica dos sobres "B" correspondentes do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do "Servizo de redacción do proxecto básico e de execución de reforma dunha edificación para área de recepción de visitantes do Castelo de Soutomaior" (Expte. 2025037376).

A Presidenta decide retirar este asunto da orde do día debido a que non se aprobaron as valoracións técnicas dos sobres "A" do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do "Servizo de desenvolvemento, implantación, mantemento e soporte dun axente conversacional baseado en intelixencia artificial para a páxina web do BOPPO da Deputación de Pontevedra".

16. Solicitud da empresa KATAPULTING IDEAS SL (NIF: B85911337), para participar no sistema dinámico de adquisición para contratar servizos de deseño, maquetación, impresión, encuadernación e distribución de publicacións e elementos divulgativos. (Expte 2025050606).



O Secretario da Mesa de Contratación informa que Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria do día 19 de setembro de 2025, aprobou o expediente para implementar un sistema dinámico de adquisición para contratar servizos de deseño, maquetación, impresión, encuadernación e distribución de publicacións e elementos divulgativos.

O anuncio de licitación deste sistema enviouse á Oficina de publicacións da Unión Europea, e publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra, integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público, con data 24 de setembro de 2025, xunto cos pregos de cláusulas económico administrativas particulares, concedendo un prazo de 30 días naturais desde o envío á Oficina de publicacións da Unión Europea para a presentación inicial de solicitudes de adhesión, a través da Plataforma de Contratación do Sector Público.

Conforme ó prego, unha vez finalizado este prazo, comezará o de avaliación das candidaturas, no que a Mesa de Contratación seleccionará os licitadores en base ao cumprimento dos criterios establecidos nos pregos, sendo admitidos todos os solicitantes que cumpran cos criterios de capacidade e solvencia esixidos no prego.

Finalizada a avaliación confeccionarase a lista inicial de licitadores admitidos, aos que o órgano de contratación convidará a presentar oferta para a primeira contratación específica cando xurda a necesidade.

Ao tratarse dun SDA no que as novas empresas poderán solicitar a súa inclusión no mesmo, así como darse de baixa, cando o teñan por convinte, as novas incorporación no sistema avaliaranse na primeira mesa de contratación que se celebre no mes seguinte á presentación da solicitude de participación.

Solicitada pola empresa Katapulting Ideas SL (NIF: B85911337) a súa inclusión no sistema dinámico, a Mesa procede á cualificación e avaliación da documentación presentada no sobre electrónico de solicitude de adhesión, co seguinte resultado:

KATAPULTING IDEAS SL (NIF: B85911337)	
Data presentación: 03-02-2026 18:52	
DOCUMENTACIÓN SOLICITADA	DOCUMENTACIÓN PRESENTADA
ROLECE/RCGA	SI (ROLECE)
Solicitude de adhesión Anexo I.	✓
	Categorías I, II, III e IV
Declaración responsable	✓
Capacidade para contratar	Non acredita
Solvencia económica:	



Categoría I: 15.000,00 €	✓
Categoría II: 60.000,00 €	✓
Categoría III: 1.500,00 €	✓
Categoría IV: 1.500,00 €	✓
Solvencia técnica	
Categoría I: 7.000,00 €	Non acredita
Categoría II: 28.000,00 €	Non acredita
Categoría III: 700,00 €	Non acredita
Categoría IV: 700,00 €	Non acredita
Certificación positiva expedida pola Tesourería da Seguridade Social	✓
Certificación positiva expedida pola Axencia Estatal da Administración Tributaria	✓
Orixinal ou copia compulsada da alta no Imposto de actividades económicas	✓

O Secretario da Mesa de Contratación informa que unha vez analizada a documentación presentada pola empresa na solicitude de adhesión obsérvase que, ao obxecto de xustificar a solvencia técnica, a empresa Katapulting Ideas SL (NIF: B85911337) achega unha relación dos servizos realizados, pero non presenta a documentación acreditativa que permita xustificar os mesmos. Así mesmo, non consta a achega de documentación acreditativa da súa capacidade para contratar.

A Mesa de Contratación acorda:

- Propor ao órgano de contratación non admitir á empresa Katapulting Ideas SL (NIF: B85911337) por non cumprir os criterios de selección establecidos no prego.

17. Avaliación das candidaturas presentadas durante o prazo inicial de presentación de solicitudes de adhesión do Sistema dinámico para a subministración da alimentación do gando vacún da Finca Mouriscade (Expte. 2025077104).

O Secretario da Mesa de Contratación informa que a Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 23 de xaneiro de 2026, aprobou o expediente para establecer un Sistema dinámico para a subministración da alimentación do gando vacún da Finca Mouriscade.

O anuncio de licitación deste sistema enviouse ó Diario Oficial da Unión Europea con data 28 de xaneiro de 2026, aparecendo publicado o día 29 de xaneiro de 2026 (Número de publicación do anuncio 65262-2026; número da edición do DO S: 20/2026); así mesmo publicouse no Perfil do



Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 29 de xaneiro de 2026, xunto cos pregos de cláusulas económico administrativas particulares, concedendo un prazo de 30 días naturais desde o envío á Oficina de publicacións da Unión Europea para a presentación inicial de solicitudes de adhesión, a través da Plataforma de Contratación do Sector Público.

Conforme o prego, unha vez finalizado este prazo, comezará o de avaliación das candidaturas, no que a Mesa de Contratación seleccionará os licitadores en base ao cumprimento dos criterios establecidos no prego, sendo admitidos todos os solicitantes que cumpran cos criterios de capacidade e solvencia esixidos no mesmo.

Finalizada a avaliación confeccionarase a lista inicial de licitadores admitidos, aos que o órgano de contratación convidará a presentar oferta para a primeira contratación específica cando xurda a necesidade.

As empresas que presentan as súas candidaturas durante o prazo inicial de presentación de solicitudes son as seguintes:

- AIRA S. COOP. GALEGA (NIF: F27317593)
- COFOCYL, S.L.U (NIF: B47432794)
- NUTRINIETO, S.L.U (NIF: B-94088457)
- SEVERIANO AGROCOMERCIAL, S.L.U (NIF: B15790298).

O Secretario da Mesa de Contratación informa que unha vez avaliada a documentación presentada por cada unha das empresas na solicitude de adhesión obsérvase que todas as empresas achegan correctamente a documentación que se solicita na cláusula 8.d do prego económico-administrativo.

A Mesa de Contratación acorda:

- 1) Seleccionar ás seguintes empresas por ter acreditado que cumpre cos criterios de selección establecidos no prego, e propoñerlle ao órgano de contratación a admisión das mesmas nas seguintes categorías do Sistema dinámico para a subministración da alimentación do gando vacún da Finca Mouriscade:
 - Aira S. Coop. Galega (NIF: F27317593)
 - Cofocyl, S.L.U (NIF: B47432794)
 - Nutrinieto, S.L.U (NIF: B-94088457)
 - Severiano Agrocomercial, S.L.U (NIF: B15790298)
- 2) Que, no caso de que a Xunta de Goberno acepte a proposta que figura no apartado anterior, a lista de licitadores admitidos neste sistema dinámico quedará integrada polas seguintes empresas:

Categoría I: Mestura de materias primas e alimentos compostos.

1. AIRA S.COOP.GALEGA (NIF: F27317593)
2. NUTRINIETO SLU (NIF: B-94088457)
3. SEVERIANO AGROCOMERCIAL, S.L.U (NIF: B15790298)

Categoría II: Pensos ensacados e pensos a granel.

1. AIRA S.COOP.GALEGA (NIF: F27317593)
2. NUTRINIETO SLU (NIF: B-94088457)



3. SEVERIANO AGROCOMERCIAL, S.L.U (NIF: B15790298)

Categoría III: Forraxes: palla, alfalfa, veza e avea.

1. COFOCYL, S.L.U. (NIF: B47432794)
2. SEVERIANO AGROCOMERCIAL, S.L.U (NIF: B15790298)

Categoría IV: Penso mineral complementario.

1. NUTRINIETO SLU (NIF: B-94088457)
2. SEVERIANO AGROCOMERCIAL, S.L.U (NIF: B15790298)

18. Apertura electrónica dos sobres "A" correspondentes á documentación administrativa do procedemento aberto convocado para a contratación da obra "Reforma e adecuación do centro de transformación, cadro xeral de baixa tensión e grupo electróxico na instalación eléctrica do Centro Príncipe Felipe". (Expte.- 2025062350).

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por acordo adoptado pola Xunta de Goberno na sesión ordinaria do 23 de xaneiro de 2026, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto do contrato para execución da obra "*Reforma e adecuación do centro de transformación, cadro xeral de baixa tensión e grupo electróxico na instalación eléctrica do Centro Príncipe Felipe*". O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 27 de xaneiro de 2026. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

O Secretario comenta que a presentación de ofertas realizouse a través da Plataforma de Contratación do Sector Público e ante o feito de que o pasado día 26 de febreiro de 2026 na Plataforma de Contratación do Sector Público soamente foi posible realizar o descifrado da documentación aportada nos sobres "A", é polo que se accede de novo á Plataforma para poder realizar a apertura da documentación administrativa que quedara pendente.

Unha vez descargada e examinada a documentación administrativa, a Mesa de Contratación acorda admitir as seguintes empresas:

- ASISTENCIA Y SOLUCIONES DE ARQUITECTURA E INGENIERÍA, S.L. (N.I.F. B36584787)
- ENTIDAD NEW PASCO 2012, S.L. (N.I.F. B27776178)
- INSTALACIONES Y SERVICIOS VMA GALICIA, S.L. (N.I.F. B27805308)
- SETGA, S.L.U. (N.I.F. B36699064)

19. Apertura electrónica dos sobres "B" correspondentes á documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto convocado para a contratación da obra "Reforma e adecuación do centro de transformación, cadro xeral de baixa tensión



e grupo electróxico na instalación eléctrica do Centro Príncipe Felipe". (Expte.- 2025062350).

A Mesa de Contratación, no punto anterior da orde do día desta reunión do día 5 de marzo de 2026, procedeu á apertura dos sobres "A", correspondentes á documentación administrativa do procedemento aberto convocado para a contratación da obra "Reforma e adecuación do centro de transformación, cadro xeral de baixa tensión e grupo electróxico na instalación eléctrica do Centro Príncipe Felipe, acordando admitir as seguintes empresas:

- ASISTENCIA Y SOLUCIONES DE ARQUITECTURA E INGENIERÍA, S.L. (N.I.F. B36584787)
- ENTIDAD NEW PASCO 2012, S.L. (N.I.F. B27776178)
- INSTALACIONES Y SERVICIOS VMA GALICIA, S.L. (N.I.F. B27805308)
- SETGA, S.L.U. (N.I.F. B36699064)

A continuación, o Secretario da Mesa de Contratación accede á Plataforma de Contratación do Sector Público mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e procede á descriptación e descarga da documentación dos sobres "B", correspondente as ofertas técnicas que serán avaliadas mediante criterios de xuízos de valor.

Unha vez finalizado este trámite, a Mesa de Contratación acorda trasladar a documentación descargada dos sobres "B" ao persoal técnico do Servizo de Arquitectura para que avalíen e ponderen as propostas técnicas, seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto.

20. Apertura electrónica dos sobres "A" correspondentes á documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da seguridade viaria na E.P. 9703 Vilanova de Arousa-Ponte Arnelas, do P.Q. 0+000 ao P.Q. 2+530, e na E.P. 9701 Baión-András, do P.Q. 8+800 ao P.Q. 9+218. Concello de Vilanova de Arousa". (Expte.- 2025069652).

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por acordo adoptado pola Xunta de Goberno na sesión ordinaria do 30 de xaneiro de 2026, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto simplificado do contrato para execución da obra "Mellora da seguridade viaria na E.P. 9703 Vilanova de Arousa-Ponte Arnelas, do P.Q. 0+000 ao P.Q. 2+530, e na E.P. 9701 Baión-András, do P.Q. 8+800 ao P.Q. 9+218. Concello de Vilanova de Arousa". O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 4 de febreiro de 2026. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.



O Secretario comenta que a presentación de ofertas realizouse a través da Plataforma de Contratación do Sector Público e ante o feito de que o pasado día 26 de febreiro de 2026 na Plataforma de Contratación do Sector Público soamente foi posible realizar o descifrado da documentación aportada nos sobres “A”, é o motivo polo que débese de acceder de novo á Plataforma para poder realizar a apertura da documentación administrativa e documentación técnica que quedara pendente.

A continuación o Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á descarga da documentación dos sobres “A” correspondente á documentación administrativa e documentación avaliable mediante criterios de xuízos de valor, presentada polas empresas ó procedemento aberto simplificado convocado para contratación da obra “*Mellora da seguridade viaria na E.P. 9703 Vilanova de Arousa-Ponte Arnelas, do P.Q. 0+000 ao P.Q. 2+530, e na E.P. 9701 Baión-András, do P.Q. 8+800 ao P.Q. 9+218. Concello de Vilanova de Arousa*”..

Unha vez descargada a documentación administrativa a Mesa de Contratación acorda:

1. Admitir as seguintes empresas:

- CONSTRUCCIONES CALDEVERGAZO, S.L.
- CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L.
- CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.
- CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES , S.A. (COVSA).
- CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS, S.L.U.
- HORDESCON, S.L.
- MOVIMIENTOS DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.
- NAROM, S.L.
- NEMESIO ORDÓÑEZ, S.A.

2. Trasladar a documentación técnica descargada dos sobres “A” que presentaron as empresas admitidas ao Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, ao obxecto de que os técnicos avalíen e ponderen as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto simplificado.

Fóra da orde do día, e previa declaración, por unanimidade dos asistentes, procedeuse a tratar o seguinte asunto:

Asunto: *Apertura electrónica dos sobres “A”, correspondentes ás propostas de proxecto presentadas, baixo lema e anonimato, polas persoas participantes no “concurso de proxectos, con intervención de xurado, para a selección do comisariado da 33ª Bienal de Pontevedra” (Expte.- 2025063411).*

O Secretario da Mesa de Contratación informa que mediante Resolución Presidencial nº 2026000752, de data 29 de xaneiro de 2026, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación do *concurso de proxectos, mediante intervención de xurado, para a selección do comisariado da 33ª Bienal de Pontevedra.*



O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra, aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público, con data 3 de febreiro de 2026. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento.

O Secretario fai constar que, malia a existencia dun licitador que manifestou ter sufrido unha incidencia na presentación da súa oferta e tendo en conta que constan outras ofertas presentadas nesas mesmas datas pola plataforma, figurando no expediente informe emitido polo xefe do servizo de Contratación, polo que se conclúe o seguinte:

“Non consta na Plataforma a presentación efectiva da oferta dentro do prazo conferido, nin o licitador achegou unha acreditación indubitada, obxectiva e suficiente de que a falta de presentación obedece a unha incidencia técnica imputable á propia plataforma.

Por iso, non resulta procedente demorar a apertura e avaliación das ofertas validamente presentadas, debendo continuar o procedemento nos termos previstos, a fin de que o Xurado poida efectuar a súa valoración na sesión xa prevista para o 11 de marzo de 2026.

Calquera atraso inxustificable supoñería unha alteración indebida do calendario do procedemento, comprometería a correcta planificación administrativa e podería ocasionar un prexuízo directo na tramitación da próxima Bienal de Arte, ao desprazar fitos esenciais de selección, adxudicación e execución necesarias para a súa preparación en prazo”.

Á vista do anterior, o Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse a través da Plataforma de Contratación do Sector Público que xera, en cada procedemento de licitación, un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á descrición e descarga da documentación dos sobres, correspondente á proposta dos proxectos, integrantes pola memoria e o plan de traballo presentadas polos participantes no devandito procedemento.

De conformidade coa cláusula 7.3 das bases administrativas reguladoras deste procedemento, unha vez descargada á documentación relativa ás propostas de proxecto, procédese á remisión ao xurado para a súa valoración, ao atoparse presentadas en tempo e forma as seguintes propostas, denominadas baixo lema:

- 1927-2027. ARCHIVOS PARA UN TIEMPO INCIERTO.
- A LAPA AZUL DO SOLDADOR
- FENDAS. TRANSITAR LA GRIETA.
- UN GRANO DE ARENA: 33 BIERNAL DE ARTE DE PONTEVEDRA. COMUNIDADES, TERRITORIOS, MEMORIAS Y FUTUROS.

Non producíndose ningunha incidencia digna de apuntar, dáse por terminado o acto as dez horas e corenta e cinco minutos, e esténdese a presente Acta, que asinan comigo, o Secretario, a Presidenta da Mesa de Contratación.

